

Índice de confianza do consumidor. Xuño 2008

NOTA DE PRENSA

A confianza do consumidor diminuíu dúas décimas en xuño de 2008 con respecto ao mes anterior

Segundo os datos do mes de xuño de 2008 o "Índice de confianza do consumidor"¹, elaborado polo Instituto Galego de Estatística, reflicte un valor de -38 puntos, dúas décimas inferior ao dato do mes de maio de 2008. Este comportamento é debido á diminución de todos os indicadores parciais do índice, excepto o correspondente á evolución do emprego que se incrementa 5,2 puntos con respecto ao mes anterior.

Índice de confianza do consumidor (ICC)

	ICC	Indicadores parciais de perspectivas de evolución			
		Situación financeira persoal	Situación económica en Galicia	Capacidade de aforro	Emprego
2007					
Xaneiro	-21,7	-19,7	-22,1	-32,3	-12,6
Febreiro	-18,4	-16,1	-17,8	-33,3	-6,2
Marzo	-17,3	-14,8	-16,9	-34,1	-3,6
Abril	-12,4	-13,8	-10,8	-33,7	8,9
Maio	-14,2	-17,7	-11,9	-39,6	12,4
Xuño	-11,9	-12,8	-13,7	-31,0	10,2
Xullo	-9,8	-9,0	-9,6	-32,2	11,6
Agosto	-17,3	-15,0	-16,7	-34,1	-3,6
Setembro	-24,9	-21,0	-23,8	-36,0	-18,8
Outubro	-23,1	-19,5	-18,3	-37,6	-17,1
Novembro	-25,6	-21,5	-25,8	-37,0	-18,3
Decembro	-29,7	-26,7	-29,5	-43,1	-19,3
2008					
Xaneiro	-27,9	-25,1	-27,8	-38,6	-20,1
Febreiro	-29,8	-25,4	-28,5	-41,7	-23,6
Marzo	-25,4	-22,3	-22,9	-39,2	-17,0
Abril	-30,0	-25,9	-30,4	-41,6	-22,1
Maio	-37,8	-33,1	-37,7	-49,4	-31,0
Xuño	-38,0	-35,3	-38,5	-52,3	-25,8

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor

¹ O ICC varía de -100 a 100, sendo o valor 0 o punto neutral; valores positivos do indicador amosan optimismo e valores negativos indican pesimismo por parte dos consumidores galegos

Perspectivas de evolución dos prezos e oportunidade de facer grandes compras

En xuño de 2008, o indicador de perspectivas de evolución dos prezos diminúe 2,6 puntos con respecto ao mes anterior, mentres que o indicador da capacidade de facer grandes compras cae en 7,4 puntos.

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s4/metodoloxias/met_confianza_consumidor_2005.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=006006001&idioma=gl>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>